

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLAS INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES PUBLICITARIAS.**

### **Artigo 1º.- Concepto.**

De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establécese a taxa polas instalacións e actividades publicitarias emprazadas no dominio público municipal ou perceptibles dende este dominio.

### **Artigo 2º.- Medios publicitarios.**

A actividade publicitaria regulada nesta ordenanza poderá realizarse en:

- Valados definitivos e provisionais de solares.
- Valados de protección de obras.
- Elementos de mobiliario urbano.
- Na vía pública e nos seus espazos anexos e complementarios.

### **Artigo 3º.- Obrigados ó pagamento.**

Estarán obrigados ó pagamento das taxas reguladoras nesta ordenanza, os que se beneficien da actividade ou instalación publicitaria a que se refire o artigo primeiro.

### **Artigo 4º.- Contía.**

Por cada metro cadrado ou fracción: 50 pesetas/mes.

### **Artigo 5º.- Obriga de pagamento.**

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace ó autorizarse a utilización dos bens enumerados no artigo 1º con anuncios.

### **Disposición final.**

A presente ordenanza entrará en Vigor o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorra o prazo sinalado no artigo 72.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.